



PRÓRROGA e RENOVACIÓN: Plan estratéxico da Facultade de Dereito

2021/2022

 FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 1

Prórroga e Renovación. Plan Estratégico da Facultade de Dereito 2021/2022

I.	Introdución.....	2
II.	A Facultade de Dereito da USC.....	4
III.	Misión, visión e valores da Facultade de Dereito.....	5
IV.	Análise DAFO da Facultade de Dereito	6
V.	Análise CAME da Facultade de Dereito	10
VI.	Liñas estratégicas da Facultade de Dereito	11

 FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 2


I. Introducción

Este documento constitúe o **Plan Estratégico da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela (USC)** para o período 2017-2020.

A posta en marcha do proceso da súa elaboración foi iniciado polo **Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico**¹, na súa xuntanza de 19 de xaneiro de 2017, tralo acordo da Comisión de Docencia e Calidade do Centro. De cara a realización do diagnóstico estratéxico, e no marco da política de difusión do Plan Estratégico, formuláronse dúas consultas previas, tanto ao Comité consultivo do Grao en Dereito como a Comisión académica do Programa de Doutoramento en Dereito. A proposta inicial do Plan foi aprobada polo Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico o 14 de setembro de 2017. Entre o 14 de setembro e o 2 de outubro de 2017 fíxose a exposición pública, incluíndo comunicacións específicas aos grupos de interese do Centro: estudantes, profesores, PAS, egresados, comité consultivo do Grao en Dereito e empregadores (tanto do sector público como privado). Rematado o prazo para formular alegacións, o Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, na súa xuntanza de 9 de outubro de 2017 valorou a alegación recibida e aprobou a versión definitiva do documento remitido á Comisión de Docencia e Calidade da Facultade. Dita redacción foi aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade na súa xuntanza de 10 de outubro de 2017.

Posteriormente, foi informado positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC o 15 de outubro de 2017 e pola Xunta de Facultade de Dereito o 30 de novembro de 2017. A aprobación final tivo lugar pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o 12 de decembro de 2017.


¹A composición do grupo de traballo é a que sigue: Marta Otero Crespo (Vicedecana de Calidade e Infraestruturas, Presidenta), José Manuel Iglesias Casais (Coordinador do MUFIC, Secretario), Ana María Gude Fernández (Vicedecana de Organización Académica), Lotario Vilaboy Lois (Coordinador do MUA), Rafael García Pérez (Coordinador do MUEI), José Luis Quintela Botana (Xestor) e Mauro Gómez Lamela (representante do estudantado).

 FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 3

Neste documento faise unha fonda reflexión sobre as fortalezas e debilidades que ten actualmente o centro e se recollen as principais liñas estratéxicas, cos seus correspondentes obxectivos concretos que deben guiar a xestión da Facultade de Dereito durante os anos vindeiros. Nestas liñas estratéxicas plásmanse os avances nos que se debe traballar e que afectan á propia Universidade, aos estudantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos do Centro, ao contorno empresarial e das Administracións Públicas así como á sociedade en xeral.

As liñas estratéxicas que se definen e os obxectivos que as desenvolven están en liña co Plan Estratéxico da USC 2011-2020. Os obxectivos estratéxicos recollidos no epígrafe **V. Identificación das liñas estratéxicas da Facultade de Dereito**, serán obxecto de concreción na Programación Plurianual, e se completarán cos indicadores que permitan a medición da súa consecución. Dita Programación Plurianual atópase en fase de redacción e agárdase a súa aprobación dentro deste ano 2017.

ELABORADO POR:	APROBADO POR:	REVISADO POR:	APROBADO POR:
Grupo de traballo para a elaboración do PE	Comisión de Docencia e Calidade Xunta de Facultade	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno
	26.01.2021	05.02.2021	03.03.2021

 FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 4

PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO:

O Plan estratéxico actual finalizou a súa vixencia a 31.12.2020. A Vicerreitoría de Calidade aconsellou a súa renovación, tomando como modelo a Programación Plurianual da USC (2019-2022), tendo en conta que a USC, estando na mesma situación, non vai aprobar un novo Plan estratéxico de forma inmediata.

A renovación que se presenta consiste en eliminar obxectivos e/ou liñas que, ou ben xa estaban acadados, ou ben non se consideran axeitados no momento presente e incluír outros de acordo coas directrices da programación plurianual da USC, ou que se consideran axeitados na coxuntura actual. O equipo que procedeu a acometer esta necesaria renovación, está composto polas seguintes persoas:

Ana Gude Fernández (Decana)

Vicente Sanjurjo Rivo (Vicedecano de Organización Académica)

Natalia Pérez Rivas (Vicedecana de Asuntos Económicos e Infraestructuras)

Sonia Esperanza Rodríguez Boente (Secretaria Académica e Responsable de Calidade do Centro)


Fernando Vázquez-Portomeñe Seijas (Coordinador del Grado en Criminología)

José Manuel Iglesias Casais (Coordinador do MUFIC, Secretario)

Lotario Vilaboy Lois (Coordinador do MUA)

Miguel Arenas Meza (Coordinador do MUEI)

José Luis Quintela Botana (Xestor)

 FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 5

II. A Facultade de Dereito da USC

Os estudos xurídicos teñen estado presentes na universidade europea desde as súas orixes, no século XI, sempre tendo en conta que a existencia de escolas de formación de xuristas é anterior. No caso concreto da USC, a Facultade de Dereito retrotrae as súas orixes ao ano 1649. Desde entón e ata a actualidade tense ocupado da formación xurídica universitaria en Galicia de xeito exclusivo ata os anos noventa do século pasado, década na que se implantaron as demais Facultades con ensinanzas xurídicas no Sistema Universitario de Galicia.


Na actualidade, a Facultade de Dereito organízase ao redor de 3 Departamentos con sede no centro (Departamentos de Dereito común, Dereito público e teoría do Estado e Dereito público especial e da empresa), ao tempo que un total de 18 Departamentos teñen docencia nas titulacións impartidas na Facultade².

Dispón dunha oferta formativa de grao, posgrao e doutoramento enmarcada nas directrices do Espazo Europeo de Educación Superior e orientada a satisfacer as necesidades da demanda social. Na actualidade impártense o Grao en Dereito, o dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos, o Mestrado Universitario en Avogacía (Campus de Santiago e de Lugo), o Mestrado Universitario en Estudos Internacionais e o Mestrado Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria, así como o Doutoramento en Dereito³.

A través destas titulacións perséguese a formación integral dos nosos estudantes, habilitándoos para o futuro exercicio de actividades profesionais de corte xurídico, sempre dende o respecto aos principios subxacentes a un Estado social e democrático de Dereito. Ademais, a Facultade de Dereito tamén promove a procura e actualización continuada dos coñecementos, e neste senso

² Os Departamentos que imparten docencia na Facultade de Dereito recóllense na seguinte ligazón: <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/departamentos.html> (data de consulta: 12 de setembro de 2017).

³ Saliéntase que na fase de redacción deste Plan estratéxico estanse a negociar dúas novas titulacións: o Grao en Criminoloxía e o Dobre itinerario ADE- Dereito – vide infra, V. Liñas estratéxicas da Facultade de Dereito.

	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 6

completa a súa oferta docente a través de numerosos cursos de formación continua, seminarios, xornadas e congresos, todos eles promovidos polo PDI da Facultade de Dereito.

III. Misión, visión e valores da Facultade de Dereito


Misión. A Facultade de Dereito é unha institución pública, incardinada na USC, que ten como misión contribuír á formación integral e rigorosa dos futuros xuristas, nunha contorna estimulante e de excelencia académica. Somos un centro comprometido coa educación baseada nos principios democráticos e co desenvolvemento da sociedade do século XXI.

O persoal docente e investigador desta facultade conforma grupos de investigación de referencia no eido xurídico, promovendo o desenvolvemento dos saberes xurídicos, potenciando actividades de investigación, de difusión e de relacións coas Administracións públicas, empresas, institucións e centros de investigación⁴. A eles súmanse o persoal de administración e servizos e o alumnado do centro.

Visión. A Facultade de Dereito busca potenciar o seu recoñecemento como un centro de referencia e de prestixio en docencia e investigación, tanto a nivel nacional como internacional, sen perder nunca de vista o seu compromiso coa sociedade, en especial a galega. Neste senso, o noso carácter de servizo público debe convivir cun modelo universitario personalizado, transparente, sostible, eficaz e adaptable, capaz de atender de xeito efectivo ás necesidades dos distintos grupos de interese.

Valores. Máis aló da produción e transmisión do coñecemento xurídico, a Facultade de Dereito promove a educación baseada nos principios de igualdade, liberdade, xustiza e pluralismo, propios dunha sociedade democrática e de Dereito. O centro garante a igualdade de oportunidades e de condicións, rexeitando as desigualdades e discriminacións por razón de

⁴ Os grupos de investigación pódense consultar no catálogo dispoñible na OIT: <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-126-191-196> (data de consulta: 12 de setembro de 2017)

	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 7

xénero, clase social, orixe étnica ou racial, de orientación sexual ou de diversidade funcional. Asemade, apóstase polo desenvolvemento sostible e pola transparencia, tanto no seu funcionamento cotiá como dos distintos órganos que pertencen á Facultade.

IV. Análise DAFO da Facultade de Dereito

O primeiro paso para desenvolver o Plan Estratéxico da Facultade de Dereito implicaba unha fonda revisión das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (análise DAFO). Tal análise foi realizada polo Grupo de Traballo para a Elaboración do Plan Estratéxico nas distintas sesións de traballo que tiveron lugar no segundo semestre do curso 2016/17 e no primeiro semestre do curso 2017/18, contando ademáis coa colaboración dos membros do Comité Consultivo do Grao en Dereito e coa Comisión Académica do Programa de Doutoramento en Dereito.

A. Fortalezas e debilidades

Desde un punto de vista sistemático, as fortalezas e debilidades expóñense atendendo a catro ámbitos:


1. Recursos humanos; 2. Titulacións; 3. Alumnado; 4. Recursos materiais

1. Recursos humanos

1.1. PDI

1.1.1. Fortalezas

- PDI con recoñecida cualificación e experiencia docente e investigadora
- PDI con proxección internacional
- Experiencia na transferencia do coñecemento

 FACULDADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 8

- Recoñecemento internacional pola súa integración nun Campus de excelencia
- Adscrición a unha Universidade histórica con proxección e prestixio internacional

1.1.2. Debilidades

- Envellecemento, redución e falta de estabilización do cadro de persoal
- Excesiva burocratización das labores do PDI
- Falta de recoñecemento das labores de xestión do PDI
- Falta de financiamento para a realización de actividades de docencia e investigación

1.2. PAS

1.2.1 Fortalezas

- Persoal con ampla experiencia e con capacidade de adaptación as novas tecnoloxías

Persoal implicado nas tarefas de implantación das melloras

1.2.2 Debilidades

- Cadro de persoal insuficiente con falta de reposición, sen perspectivas de renovación
- Limitada competencia lingüística en inglés

2. Titulacións⁷


⁷ O Programa de Doutoramento en Dereito (PDD) presenta as seguintes fortalezas e debilidades formúlase separadamente dada a súa adscrición formal á EDI).

Fortalezas

- Único Programa de Doutoramento do Centro con presenza de todas as áreas de coñecemento agrupadas en sete liñas de investigación
- Ampla demanda do PDD
- Predominio do perfil profesional dos doutorandos
- Acreditada experiencia de investigadora do PDI

Debilidades

- Insuficiente oferta polos escasos recursos humanos
- Predominio de solicitantes en réxime de dedicación a tempo parcial

 FACULDADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 9

2.1. Fortalezas

- Ampla demanda dos estudos ofertados de Grao e Dobre itinerario
- Recoñecemento da Facultade de Dereito como o primeiro centro en formación xurídica e criminolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia
- Elevado número de convenios de intercambio (SICUE-SÉNECA, ERASMUS +, Convenios bilaterais, etc)
- Elevado número de institucións con convenio para a realización de prácticas curriculares e extracurriculares

2.2. Debilidades


- Falta de apoio administrativo e escasa visibilidade da oferta dos mestrados oficiais adscritos á Facultade de Dereito
- Problemas de captación de alumnado en determinados estudos de mestrado
- Escasa docencia impartida en galego

3. Alumnado

3.1. Fortalezas

- Alumnado de Grao con nota de acceso alta
- Alta participación nos programas de mobilidade nacional e internacional
- Implicación nos movementos asociativos no centro

-
- Normativa de Doutoramento con procedementos excesivamente burocratizados
 - Dificultade do PDI para cumprir cos novos estándares dos estudos de Doutoramento

 FACULDADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 10

3.2. Debilidades

- Taxas de rendemento e de éxito baixas no primeiro curso do Grao en Dereito⁸
- Baixa asistencia ás reunións dos órganos colexiados da Facultade (sinaladamente, Consellos de Departamento e Comisións delegadas da Xunta de Facultade)

4. Recursos materiais


4.1. Fortalezas

- Centro con instalacións axeitadas integrado no Campus vida
- Sala de lectura para o alumnado, habilitada como sala de estudo con horario extraordinario de apertura en épocas de exames
- Sala de informática e portátiles dispoñibles para o préstamo curto aos alumnos
- Presenza nas redes sociais (Facebook e Twitter)
- Biblioteca Concepción Arenal situada ao carón do centro

4.2. Debilidades

- Necesidade de renovar equipamento
- Falta de financiamento axeitada para mercar material de oficina, a renovación de espazos, mobiliario e equipamento
- Deficiente páxina web (dependente da USC e en vías de arranxo)
- Deficiencias nas Aulas virtuais, onde non se permite crear aulas compartimentadas por grupos de docencia (dependente da USC)

⁸ Nas que inflúen, por exemplo, as variacións no calendario académico universitario e o excesivo número de estudantes por grupo nalgúns materias.

 FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 11

B. Oportunidades e ameazas

1. Oportunidades

- Consolidar e ampliar as titulacións de posgraos e mestrados
- Promover a oferta en formación continua
- Mellorar a visibilidade das actividades da Facultade de Dereito como centro de excelencia no marco do Campus da Cidadanía
- Avanzar no grao de internacionalización da Facultade de Dereito no marco do PEI-USC 2017/2020
- Potenciar a administración e xestión eficaces e eficientes na Facultade de Dereito


2. Ameazas

- Oferta de titulacións redundante no SUG
- Evolución demográfica de Galicia
- Tecido empresarial con reducido compromiso coa Universidade
- Administracións públicas pouco comprometidas coa Universidade
- Modelo de financiamento que non garante a suficiencia económica da USC e da Facultade

V. Análise CAME da Facultade de Dereito

Definidas as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades, e tendo en mente a situación e a visión da Facultade de Dereito no contexto socio-económico actual, procedeuse a definir e priorizar as estratexias posibles no marco deste PE 2017/2020. Para a determinación das liñas estratéxicas tivéronse en consideración as confluencias entre oportunidades- ameazas e fortalezas- debilidades así como o curto horizonte temporal de vixencia deste PE – en liña coa proxección do PE da USC. Desta posta en común, o Grupo de traballo plantexou 5 grandes liñas estratéxicas, sistematizadas como agora se indica:

1. Calidade da docencia
2. Calidade da investigación

 FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 12


3. Sistema de Garantía interno de Calidade do Centro (SGIC)
4. Relacións cos grupos de interese externos
5. Xestión

Na súa escolla tiverónse en consideración a esencia e razón de ser dunha institución educativa, os seus alumnos, así como o carácter bifronte da labor do PDI (liñas 1 e 2); a importancia de propiciar a mellora continua das nosas titulacións a través do SGIC (liña 3); a necesidade de continuar a manter os excelentes contactos cos grupos de interese alleos aos centro (liña 4); así como a relevancia da xestión no contexto propio da Facultade de Dereito (liña 5).

Dentro de cada unha destas cinco liñas estratéxicas definíronse os correspondentes obxectivos, cuxo alcance se formula a través dunha serie de accións que se recollen polo miúdo a continuación.

VI. Liñas estratéxicas da Facultade de Dereito

Tal e como se acaba de enunciar, as liñas estratéxicas definidas na Facultade de Dereito correspóndense con 5 grandes liñas: 1. Calidade da docencia; 2. Calidade da investigación; 3. Sistema de Garantía interno de Calidade do Centro (SGIC); 4. Relacións cos grupos de interese externos; 5. Xestión. Cada unha destas liñas concréntanse en obxectivos estratéxicos, á vez que estes quedan definidos polas correspondentes accións estratéxicas segundo se expresa nos seguintes cadros.

 FACULDADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 13

LIÑAS ESTRATÉXICAS	
1.	Calidade da docencia
2.	Calidade da investigación
3.	Sistema de Garantía interno de Calidade do Centro (SGIC)
4.	Relacións cos grupos de interese externos
5.	Xestión

LIÑA ESTRATÉXICA 1

Calidade da docencia

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Incrementar a oferta docente de Posgrao no centro
2. Mellorar as infraestruturas docentes do centro
3. Mellorar o rendemento dos estudantes
4. Mellorar a interlocución co alumnado.
5. Mellorar a formación docente dos profesores
6. Mellorar a información dispoñible sobre a inserción laboral dos egresados das titulacións ofertadas no centro
7. Transcorridos 10 anos dende a implantación do Grao en Dereito convén abrir unha reflexión sobre a necesidade de actualizar os contidos das guías docentes dalgunhas materias; profundizar na necesaria coordinación de contidos para evitar duplicidades e reflexionar sobre se é necesario engadir algunhas materias.
8. Aumentar a oferta de prácticas no Grao en Dereito e implementar a oferta de prácticas no Grao en Criminoloxía.
9. Fomentar a dimensión integral na formación do alumnado
10. Incrementar a oferta de programas de mobilidade, especialmente no Grao en Criminoloxía.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1

Incrementar a oferta docente de Posgrao no centro

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Manter e incrementar a oferta de Posgraos


OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2

Mellorar as infraestruturas docentes do centro

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Renovar equipamento nas aulas**
- B. Mellora da páxina web do Centro no marco da web da USC**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.3

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small>	FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
		2021-2022	Páxina 15

Mellorar o rendemento dos estudantes

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Mellorar as taxas de rendemento dos nosos estudantes

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.4

Mellorar a interlocución co alumnado

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

Xuntanzas periódicas dos delegados/as de curso coa equipa directiva.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.5

Mellorar a formación docente dos profesores

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Promover a organización de cursos de formación docente no marco do PFID da USC que atendan ás demandas e necesidades do PDI do Centro
- B. Facilitar o intercambio de experiencias de innovación docente do profesorado do Centro mediante a organización de xuntanzas e seminaries.
- C. Promover a organización de cursos e seminaries de actualización nas diversas áreas do Dereito.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.6

Mellorar a información dispoñible sobre a inserción laboral dos egresados das titulacións ofertadas no centro

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Establecer contacto con empregadores, públicos e privados, para coñecer e actualizar as necesidades do mercado laboral

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.7

Transcorridos 10 anos dende a implantación do Grao en Dereito convén abrir unha reflexión sobre a necesidade de actualizar os contidos das guías docentes dalgunhas materias; profundizar na necesaria coordinación de contidos para evitar duplicidades e reflexionar sobre se é necesario engadir algunhas materias.

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Actualizar contidos en determinadas materias
- B. Asegurar a coordinación de contidos entre materias.
- C. Inclusión de materias.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.8

Aumentar a oferta de prácticas no Grao en Dereito e implementar a oferta de prácticas no Grao en Criminoloxía

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS


- A. Incrementar a oferta de practicas no Grao en Dereito
- B. Implementar a oferta de practicas no Grao en Criminoloxía a través da sinatura de novos convenios.
- C. Publicitar as institucións públicas e privadas coas que a Facultade ten asinados convenios.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.9

Fomentar a dimensión integral na formación do alumnado

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Potenciar as competencias cívico-sociais nos aspectos curriculares.
- B. Promover os comportamentos éticos no desempeño profesional.

 FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2021-2022	Páxina 17

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.10

Incrementar a oferta de programas de mobilidade, especialmente no Grao en Criminoloxía.

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Dar a coñecer a figura e competencias do RAM do Centro**
- B. Visibilizar o oferta de destinos de mobilidade para os títulos que se imparten na Facultade.**

LIÑA ESTRATÉXICA 2

Calidade da investigación

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS


- 1. Visibilizar as actividades investigadoras do PDI na Web do Centro.**
- 2. Avanzar no proceso de internacionalización da investigación realizada polo noso PDI**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1

Visibilizar as actividades investigadoras do PDI

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Fomentar o rexistro do PDI en ORCID**
- B. Facilitar e promover a organización de eventos xurídicos nos que se divulguen os resultados dos proxectos de investigación do PDI do Centro.**
- C. Visibilizar a actividade investigadora dos membros do PDI da Facultade**

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2020-2021	Páxina 18

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2

Avanzar no proceso de internacionalización da investigación realizada polo noso PDI

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Fomentar a internacionalización mediante as relacións con institucións e investigadores estranxeiros

LIÑA ESTRATÉXICA 3

Sistema de Garantía Interno de Calidade do Centro (SGIC)

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Fomentar a cultura de Calidade no Centro

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Incrementar a participación nas enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese
- B. Divulgar o SGIC
- C. Certificar o SGIC
- D. Acadar a acreditación institucional

LÍNEA ESTRATÉXICA 4.

Relacións cos grupos de interese

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS


1. Coñecer as demandas da sociedade no que se refire á formación no eido xurídico
2. Potenciar a oferta de cursos, seminarios e congresos con temáticas atractivas para a sociedade

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1

Coñecer as demandas da sociedade no que se refire á formación no eido xurídico

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Reunións do Comité consultivo da Facultade de Dereito
- B. Manter o contacto cos empregadores, tanto no eido privado como público
- C. Xuntanzas cos titores/as de practicas externas.

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE DEREITO	PRÓRROGA E RENOVACIÓN PLAN ESTRATÉXICO	Data: 26/01/2021
	2020-2021	Páxina 19

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.2

Potenciar a oferta de cursos, seminarios e congresos con temáticas atractivas para a sociedade.

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Apoiar a organización de cursos, seminarios, xornadas e congresos presentados polo PDI da Facultade cedendo os espazos do centro
- B. Celebrar seminarios de Facultade nos que se debatan recentes reformas legislativas e temas de actualidade

LÍNEA ESTRATÉXICA 5.

Xestión

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Reducir a carga de traballo administrativo do PDI
2. Fortalecer a Unidade de Xestión de Centros e Departamentos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.1

Reducir a carga de traballo administrativo do PDI

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Buscar fórmulas no marco da USC que conleven a redución da carga administrativa que recae sobre o PDI

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.2

Fortalecer a Unidade de Xestión de Centros e Departamentos

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Mellorar e redimensionar os espazos administrativos do Centro
- B. Adaptar a estrutura organizativa de xestión e de servizos á realidade do Centro
- C. Fortalecer a coordinación entre o PAS para a realización das actividades do Centro.